

GUÍA DOCENTE DE: **HISTORIA DOS INSTRUMENTOS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO, E POLO
DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: HISTORIA DOS INSTRUMENTOS										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO		Arpa, Corda fretada, Música antiga (Clave, ICP, Viola de gamba), percusión, vento madeira, vento metal,
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE		Colectiva
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Segundo o itinerario correspondente		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.						3			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Estudo da evolución histórica do instrumento propio e os afíns a este. Coñecemento das características construtivas, funcionamento acústico e posibilidades técnicas e expresivas con relación ao repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Estar matriculado no curso correspondente.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente teórico, a sinerxía principal dáse coas disciplinas de Formación básica do ámbito da Musicoloxía.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X9, X10, X12, X14, X15, X20, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI4, EI6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, e no 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Analizar a evolución estilística do repertorio instrumental ao longo da historia	Todas
Ampliar coñecementos sobre o repertorio e literatura para o seu instrumento.	Todas
Coñecer o funcionamento acústico do seu instrumento e afíns en función da súa construción e materiais.	Todas
Desenvolver a capacidade de procura de información e documentación, así como a capacidade crítica sobre artigos, escritos e/ou diversos medios audiovisuais.	Todas
Utilizar as TIC en beneficio do seu estudo e exposición de traballos, tanto para consulta como para elaboración de material.	Todas

4. CONTIDOS
Orixes e evolución do instrumento.
Acústica dos diferentes instrumentos
A evolución estilística do repertorio
As TIC e os seus beneficios no estudio

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria, para poder acceder á avaliación continua. O alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións na programación correspondente.